



ACTA DO XX PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

Hai 21 anos, un proxectil lanzado polo exército norteamericano impactou contra o Hotel Palestina, asasinando a José Couso e Taras Protsyuk, un camarógrafo ucraíno que traballaba para Reuters. Naquel momento, Bagdad era a zona cero das nosas preocupacións por unha invasión que causou morte, medo, destrución e ataques continuados ao dereito a informar.

Nesas datas, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Club de Prensa de Ferrol puxeron en marcha este premio. Un premio cunha dobre intención: non deixar caer no esquecemento o asasinato de José Couso e de Taras Protsyuk, e recoñecer e reivindicar o labor que fan os profesionais da información, moitas veces poñendo en risco o seu traballo, o seu benestar, a súa vida.

Este ano o premio cumpre vinte anos. O galardón foi crescendo con cada edición, con cada xornalista que se suma á nómina de premiados. Sempre lembraremos que este é un premio de xornalistas para xornalistas. Un premio onde calquera profesional pode presentar candidaturas, onde as e os gañadores se deciden en voto universal entre as e os colexiados e as socias e socios do Club de Prensa. Aí reside a súa importancia, na independencia, nas portas abertas. Un premio que é de todas as persoas e entidades que colaboran na súa organización ano a ano, as que están e as que estiveron. Un premio no que o pouco ou moito éxito que teña resulta da colaboración do Colexio de Xornalistas e o Club de Prensa. Do apoio do Concello de Ferrol. E, o máis importante, da familia de José Couso.

Cada ano facemos balance dos e das xornalistas asasinadas mentres realizaban o seu traballo. Sempre son demasiadas. En 2023, e segundo os datos de Reporteiros sen Fronteiras, foron 48 xornalistas os que perderon a vida mentres informaban. No que vai de ano, son xa 11, a metade deles en Palestina.

A invasión de Gaza cobrouse a vida de dúcias de xornalistas, claramente identificados e mentres realizaban labores de información. Exercer a profesión en Gaza é do todo imposible, heroico, en condicións de total inseguridade e co risco de perecer nun ataque en calquera momento. A dura realidade de informar na Franxa de Gaza personalízase, por exemplo, na figura de **Wael Al-Dahdouh**, un dos símbolos da resistencia das e dos xornalistas palestinos, quen, con isto e con todo, seguen mostrándonos o drama humanitario provocado polo estado de Israel.

Pero hai máis lugares onde o xornalismo é fundamental, pero tamén perigoso. Como Ucraína. Alí traballan profesionais en situacións extremas desde o inicio da invasión rusa. Un deles foi **Fran Sevilla**, xornalista especializado na información de guerra cunha longa traxectoria en zonas de conflito, tivo a sorte de saír ileso do impacto dun proxectil xunto ao seu vehículo. A sorte marca a diferenza entre vivir ou morrer. Fran Sevilla é hoxe tamén unha voz independente e clara sobre o que pasa en Palestina.

Non podemos esquecer tampouco ao xornalista vasco **Pablo González**, quen leva máis de dous anos en prisión preventiva en Polonia. Máis de dous anos. Abandonado e silenciado polas autoridades, foi detido cando cubría a crise dos refuxiados ucraíños. Resulta increíble que unha persoa estea a vivir unha situación como esta na Unión Europea dos supostos dereitos e liberdades. Todo o noso apoio para a súa familia e para a coordinadora de xornalistas e amigos que manteñen vivo o caso.

Os finalistas deste ano complétanse con **Nilufar Hamedi e Elahe Mohammadi**, dúas xornalistas iranianas. Elas foron as primeiras en informar do caso de Mahsa Amini, asasinada en dependencias policiais despois de ser detida pola policía da moral por levar supostamente o veio de maneira "inadecuada". Hamedi e Mohammadi foron detidas e condenadas a prisión. A primeira porque contou a morte de Mahsa Amini e a segunda, por cubrir o seu funeral. En xaneiro foron postas en liberdade baixo fianza, pero sobre elas segue pendente a ameaza de volver ao cárcere en calquera momento, tal e como denuncia Reporteiros Sen Fronteiras.

Wael Al-Dahdouh; Pablo González; Nilufar Hamedi e Elahe Mohammadi e Fran Sevilla, son as catro candidaturas que concorren á vixésima edición do Premio José Couso de Liberdade de Prensa. Unhas candidaturas que son fiel reflexo da situación mundial da liberdade de prensa, unha mostra tristemente significativa da actual situación xeopolítica global, das ameazas á liberdade de prensa. A demostración perfecta de que os motivos que nos levaron a crear este premio hai 20 anos seguen estando vixentes. O José Couso é unha chamada de atención anual, un observatorio permanente da liberdade de prensa.

O venres 19 de abril, ás 10.30 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao recuento dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo notario **José Ignacio Feijoo Juarnos**, do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do recuento na acta número **202** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as catro candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura composta polas xornalistas iranianas **Nilufar Hamedi e Elahe Mohammadi**.

O entorno das xornalistas informou á organización da absoluta imposibilidade de tan sequera falar con elas hoxe en directo para facerlles chegar a concesión deste galardón por medo a que sufran algún tipo de represalia. O grao de censura e presión cara os e

as xornalistas, e moito máis se son mulleres, é tal que as súas vidas poden correr perigo se manteñen algún tipo de contacto con organizacións de xornalistas no exterior.

Desde a organización do premio facemos un chamamento ao goberno de Irán exixindo que garantan a seguridade das premiadas co vixésimo Premio José Couso de Liberdade de Prensa, **Nilufar Hamedi e Elahe Mohammadi**, concedido polos xornalistas galegos e galegas, e cesen a continua persecución que están a sufrir nese país as xornalistas e as mulleres en xeral.

Estas dúas xornalistas súmanse aos outros nomes que forman xa parte da historia do premio e que, neste vinte aniversario, queremos verbalizar: Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); José Vidal – Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos da RTVE (2012); Mónica García Prieto (2013), Ricardo García Vilanova, Javier Espinosa e Marc Marginedas (2014), Jordi Évole (2015), Miguel Ángel Aguilar (2016), Xosé Hermida (2017), Julia Otero (2018), Defende A Galega (2019), Lorenzo Milá (2020), Manuel Rico (2021), Érika Reija (2022) e Marcos Méndez (2023).

Finalmente, como en todas e cada unha das edicións anteriores, lembramos que os asasinos de José Couso e Taras Protsyuk seguen en liberdade, que non foron xulgados. E aquí seguiremos, ano tras ano, dicíndoo. Porque é de xustiza e porque a dignidade dos mortos perdurará sobre as balas dos criminais.

E, para que así conste, asíñase esta acta.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024.

Darío Janeiro
Secretario do Premio José Couso